

1. Cal dos seguintes dereitos non está recollido no artigo 20 da Constitución Española de 1978?

- A) O dereito a expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións, mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución.
- B) O dereito ao segredo das comunicacións e, en especial, das postais, telegráficas e telefónicas, salvo resolución xudicial.
- C) O dereito á liberdade de cátedra.

2. Segundo o artigo 54 da Constitución Española, a institución do Defensor do Pobo regularase mediante:

- A) Unha lei ordinaria.
- B) Un real decreto.
- C) Unha lei orgánica.

3. O artigo 160 da Constitución Española establece que o presidente do Tribunal Constitucional:

- A) Será nomeado entre os seus membros polo rei, a proposta do mesmo Tribunal en pleno e por un período de tres anos.
- B) Será nomeado entre os seus membros polo Goberno, a proposta do mesmo Tribunal en pleno e por un período de catro anos.
- C) Será nomeado entre os seus membros polo rei, a proposta do mesmo Tribunal en pleno e por un período de cinco anos.

4. O artigo 36 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que os actos administrativos se producirán:

- A) Por escrito ou verbalmente, agás que a súa natureza esixa outra forma máis adecuada de manifestación.
- B) Por rexistro físico, agás que a súa natureza esixa que se produza a través de medios electrónicos.
- C) Por escrito a través de medios electrónicos, agás que a súa natureza esixa outra forma máis adecuada de expresión e constancia.

5. No que respecta á eficacia dos actos administrativos, o artigo 37 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que as resolucións administrativas que vulneren o establecido nunha disposición regulamentaria, serán:

- A) Anulables.
- B) Nulas.
- C) Revogables.

6. Conforme o artigo 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, son anulables os actos da Administración:

- A) Que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- B) Ditados por órganos manifestamente incompetentes por razón de materia ou de territorio.
- C) Que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder.

7. Tal e como se recolle no artigo 55 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con anterioridade ao inicio dun procedemento administrativo, o órgano competente poderá:

- A) Adoptar, de oficio ou a instancia de parte e de forma motivada, as medidas restritivas que estime oportunas para asegurar a eficacia da resolución que puidera recaer.
- B) Abrir un período de información ou actuacións previas co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto e a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.
- C) Notificar aos interesados a incoación do procedemento a fin de que presenten alegacións previas se o estiman oportuno.

8. Segundo o artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estas poderán:

- A) Rectificar, en todo caso, a instancia dos interesados, os actos de gravame no prazo dun mes desde a súa promulgación.
- B) Rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.
- C) Rectificar, en todo caso, no prazo máximo dun mes desde a súa publicación, os actos de gravame ou erros materiais dos seus actos.

9. Conforme o artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que recurso pode interpoñerse en vía administrativa contra as disposicións administrativas de carácter xeral?

- A) O recurso de alzada e o potestativo de reposición.
- B) O recurso de alzada exclusivamente.
- C) Non cabe recurso en vía administrativa.

10. Cal das seguintes non é unha causa de inadmisión dun recurso administrativo, de entre as recollidas no artigo 116 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas?

- A) O erro ou ausencia de cualificación do recurso por parte do recorrente, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.
- B) Carecer de lexitimación o recorrente.
- C) Carecer o recurso manifestamente de fundamento.

11. Segundo o artigo 118 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando nun procedemento deban terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario, os interesados disporán, para a formulación de alegacións e presentación de documentos e xustificantes que estimen procedentes, dun prazo:

- A) De vinte días.
- B) De trinta días.
- C) Non inferior a dez días nin superior a quince.

- 12. O artigo 51 da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario establece que a duración do mandato do reitor ou reitora será de:**
- A) Catro anos improrrogables e non renovables.
 - B) Seis anos improrrogables e non renovables.
 - C) Catro anos renovables.
- 13. O artigo 24 da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario indica que a Estratexia de Internacionalización do Sistema Universitario será aprobada por:**
- A) O Goberno, en colaboración coas Comunidades Autónomas e as universidades.
 - B) O Ministerio con competencias en materia de educación en colaboración coas universidades.
 - C) O Goberno, exclusivamente ou en colaboración coas Axencias de Calidade do Sistema Universitario.
- 14. Sinala a resposta incorrecta. O artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, establece que o traballador terá dereito:**
- A) Ao disfrute dos permisos necesarios para concorrer a exames.
 - B) Á adaptación da xornada ordinaria de traballo para a asistencia a cursos de formación profesional.
 - C) Á concesión dos permisos oportunos de formación ou perfeccionamento profesional sen reserva de posto de traballo.
- 15. Sinala a resposta incorrecta. Segundo o artigo 26 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, terán a consideración de salario:**
- A) As percepcións económicas dos traballadores en diñeiro pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea.
 - B) As percepcións económicas dos traballadores en especie pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea.
 - C) As cantidades percibidas polo traballador en concepto de indemnizacións ou suplidos polos gastos realizados como consecuencia da súa actividade laboral, as prestacións e indemnizacións da Seguridade Social e as indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despidos.
- 16. Sinala a resposta incorrecta. Segundo o establecido no seu artigo 3, o Convenio colectivo para o persoal laboral da Universidade de Santiago de Compostela aplícase a:**
- A) O persoal laboral de administración e servizos.
 - B) O persoal docente e investigador con relación xurídico-laboral coa universidade.
 - C) O persoal contratado con cargo a programas, proxectos, contratos de investigación ou a estudos propios da universidade, unicamente na regulación prevista nos títulos IX e XIII deste convenio para o réxime de vacacións, permisos e licenzas e para a prevención de riscos e seguridade no traballo, en canto non sexan integrados noutro convenio colectivo.

- 17. O Convenio colectivo para o persoal laboral da Universidade de Santiago de Compostela establece no seu artigo 61 que poderá solicitar unha licenza sen soldo:**
- A) O persoal que teña cumprido, polo menos, tres meses de servizos efectivos.
 - B) O persoal que teña cumprido, polo menos, un ano de servizos efectivos.
 - C) O persoal que teña cumprido, polo menos, seis meses de servizos efectivos.
- 18. Que establece o artigo 87 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela ao respecto do nomeamento e número de vicerreitores ou vicerreitoras?**
- A) Os vicerreitores ou vicerreitoras serán nomeados polo reitor, en número máximo de nove, entre o profesorado doutor con vinculación permanente que preste servizos na Universidade de Santiago de Compostela.
 - B) Os vicerreitores ou vicerreitoras serán nomeados polo reitor, en número máximo de seis, entre o profesorado doutor con vinculación permanente que preste servizos na Universidade de Santiago de Compostela.
 - C) Os vicerreitores ou vicerreitoras serán nomeados polo reitor, en número máximo de dez, entre o profesorado doutor con vinculación permanente ou temporal que preste servizos na Universidade de Santiago de Compostela.
- 19. De acordo co establecido no artigo 38 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, de quen depende organicamente o persoal de administración e servizos da USC?**
- A) Da dirección do centro, departamento ou servizo ao que estea adscrito o seu posto de traballo.
 - B) Da Área de Xestión de Persoal.
 - C) Da Xerencia.
- 20. Segundo o recollido no artigo 168 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, a programación plurianual concretarase nun programa de:**
- A) Catro anos, actualizado cada ano, sobre a actividade da Universidade, e mais sobre a avaliación económica dos gastos e dos ingresos correspondentes.
 - B) Cinco anos, actualizado cada dous anos, sobre a actividade da Universidade, e mais sobre a avaliación económica dos gastos e dos ingresos correspondentes.
 - C) Cinco anos, actualizado cada ano, sobre a actividade da Universidade, e mais sobre a avaliación económica dos gastos e dos ingresos correspondentes.
- 21. De acordo co artigo 36 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, cal das seguintes está excluída das competencias ou facultades dos delegados de Prevención?**
- A) Colaborar coa dirección da empresa na mellora da acción preventiva.
 - B) Promover e fomentar a cooperación dos traballadores na execución da normativa sobre prevención de riscos laborais.
 - C) Elaborar, en colaboración coa Inspección de Traballo, a normativa de prevención de riscos laborais.

- 22. Segundo o establecido no artigo 38 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, constituirase un Comité de Seguridade e Saúde en todas as empresas ou centros de traballo que contén con:**
- A) 50 ou máis traballadores.
 - B) 30 ou máis traballadores.
 - C) 10 ou máis traballadores.
- 23. Segundo o artigo 6 do Regulamento de usos lingüísticos da Universidade de Santiago de Compostela, nas intervencións que realicen os representantes institucionais da USC diante dos medios de comunicación galegos, a lingua que utilizarán será:**
- A) Calquera das dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - B) O galego.
 - C) O galego, agás que se responda a unha pregunta formulada en castelán, caso no que se deberá empregar esta última lingua.
- 24. De acordo co artigo 7 do Regulamento de usos lingüísticos da Universidade de Santiago de Compostela, a programación docente das materias publicarase:**
- A) Nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, e, de ser o caso, en inglés ou noutras linguas.
 - B) Só en galego.
 - C) Unicamente en galego e castelán.
- 25. Segundo o artigo 9 do Regulamento de usos lingüísticos da Universidade de Santiago de Compostela, a lingua dos procedementos administrativos tramitados pola USC será:**
- A) Indistintamente o galego ou o castelán, tal e como se recolle na lexislación de procedemento administrativo.
 - B) Por defecto o castelán. Porén, empregarase o galego cando resulte procedente conforme ao disposto na lexislación de procedemento administrativo.
 - C) Por defecto, o galego. Porén, empregarase o castelán cando resulte procedente conforme ao disposto na lexislación de procedemento administrativo.
- 26. Atendendo ao establecido no artigo 13 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, poderán os poderes públicos adoptar medidas específicas en favor das mulleres para corrixir situacións patentes de desigualdade de feito respecto dos homes?**
- A) Si, poderán aplicar de xeito indefinido medidas de acción positiva.
 - B) Si, mentres subsistan as devanditas situacións, poderán aplicar medidas específicas que terán que ser razoables e proporcionadas en relación co obxectivo perseguido en cada caso.
 - C) Non, os poderes públicos non poden aplicar medidas de acción positiva en favor das mulleres para non incorrer en discriminación por razón de sexo.

27. Sinala a resposta incorrecta. Conforme o establecido no artigo 6 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, defínense como acoso sexual e acoso por razón de sexo:

- A) Calquera comportamento verbal, non verbal ou físico de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.
- B) Calquera ofensa verbal que teña o propósito de atentar contra a dignidade dunha persoa.
- C) Calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa co propósito ou co efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

28. Cal das seguintes está recollida entre as condutas reprobables nomeadas no artigo 27 do Código ético da USC?

- A) O rexeitamento de obsequios e favores vinculados, directa ou indirectamente, ao desenvolvemento da actuación persoal no exercicio das funcións universitarias.
- B) O uso indebido do tempo, o espazo e os recursos universitarios, ora porque se destinan a fins particulares, dun mesmo ou de terceiros, alleos á función pública ora, tamén, porque o tempo, o espazo e os recursos se malgastan ou se estragan.
- C) A participación en procesos decisorios cando está en xogo o interese xeral.

29. Segundo o recollido no artigo 54.3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os empregados públicos obedecerán as instrucións e ordes profesionais dos superiores:

- A) Salvo que constitúan unha infracción manifesta do ordenamento xurídico, nese caso poñeranas inmediatamente en coñecemento dos órganos de inspección procedentes.
- B) En todo caso.
- C) Sempre e cando se emitan por escrito.

30. De acordo co establecido no artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, para exercer o dereito de acceso á información pública, a persoa solicitante:

- A) Deberá motivar a súa solicitude expoñendo as razóns polas cales solicita a información.
- B) Non estará obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información.
- C) Deberá motivar a súa solicitude. Non obstante, calquera erro na súa motivación non será por si soa causa de rexeitamento da mesma.

PREGUNTAS DE RESERVA

- 31. Segundo o artigo 56 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no caso de establecerse medidas provisionais antes da iniciación do procedemento administrativo, estas deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento administrativo, que deberá efectuarse:**
- A) Dentro dos quince días seguintes á súa adopción.
 - B) Dentro dos trinta días seguintes á súa adopción.
 - C) Dentro dos vinte días seguintes á súa adopción.
- 32. Cal das seguintes é unha das competencias do Consello de Goberno segundo o establecido no artigo 81 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela?**
- A) A aprobación do Estatuto do estudantado da Universidade de Santiago de Compostela.
 - B) Crear, modificar e suprimir os departamentos e decidir a súa adscrición aos centros.
 - C) A elaboración dos Estatutos, así como a súa modificación.
- 33. Tal e como establece o artigo 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a resolución en que se conceda ou denegue o acceso á información pública deberá notificarse, á persoa solicitante e aos terceiros afectados que así o soliciten, o antes posible e, como máis tarde:**
- A) No prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
 - B) No prazo máximo de tres meses desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
 - C) No prazo máximo de quince días desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.